



**Aspectos nos que
debemos mellorar
nas probas de
Historia**

1990

Aspectos a evitar nas probas de Historia



Aspectos a evitar nas probas de Historia

- Problemas que le afectan a ellos.
- Alemania, por haber sido tan poderosa y se ha destruído a sí misma dos veces, es quien mejor puede...
- Los alemanes fue un pueblo separado, ahora, al unirse, así sienten fuertes.
- Los primeros párrafos sería una introducción.
- Los dos párrafos siguientes nos dice que (ou: nos habla que)...
- Como conclusión decir que...

Neste punto é onde as deficiencias dos alumnos son máis graves e máis frecuentes, segundo a opinión maioritaria dos correctores.

3. Fallos de construción (réxime):

- Me ha sorprendido el enterarme que la juventud...
- Sin darse cuenta que quizá sea mejor...
- Deberían de tomar parte (con sentido obligatorio)
- Todo ello conlleva a la separación...
- Tomen a la reunificación alemana.
- Había sido destruído en antaño.
- Debdlo, en parte, por su enclave geográfico.
- Atomizadas a dejar de ser las grandes potencias.
- Uno de los acontecimientos máis tenído ha destacar...
- Nación a vigilar.
- Primeras impresiones a esta unidad.
- En base a...
- Países vecinos a ella.
- Mi opinión a este tema
- No pueden estar tanto tiempo con el yugo (por bajo).
- Alzan sus voces a pie de guerra.
- De un abrir y cerrar de ojos (por en).

4. Fallos na construción de oracións.

- Sectores de la sociedad que pueden peligrar sus intereses.
- Ha sido capaz de destruir Europa, lo cual cabe señalar que esta unificación será beneficiosa.
- Alemania hizo sufrir a Europa estando al mando de un general que mejor olvidar su nombre.
- Capaz de darle a estas personas lo que tienen derecho según la ley.
- Se venía viendo la unificación (por se veía venir).
- Me mandan hacer a mí una opinión.

Tamén se detectaron oracións subordinadas con omisión da principal, cláusulas sen verbo, condicionais e concesivas sen apódoxe, e falta de coordinación nas cláusulas. En xeral, falta de concordancia.

5. Fallos no réxime do adxectivo:

- Países económico, político y militarmente máis superiores.

6. Galeguismos (na morfoloxía e na sintaxe):

- Por lo de ahora.
- Y de aquella sí se hablaría del temor.
- Para mí (dea).
- Cara a (por 'hacia').

- Ambas las dos Alemanias.
- Alemania tuvo durante estos años tiempo para reflexionar.
- La causante fuera ella (por 'había sido')
- Que les dean beneficios.
- Nadie da abastecido a este poder.
- ¿Van los EEUU dejar crear...?
- Nadie creía que iba ocurrir tan pronto.
- Volver hacerse la idea.
- Desde había muchos a...

7. Fallos de rexistro (coloquialismos, etc.):

- Cuando creen en una causa, pues intentan defenderla.
- En cuanto a la cuestión, bueno, pues yo pienso...
- Mejor que no se metan con Alemania.
- Pero ellos nos hacen ver que son superiores a ti.
- Estamos en una sociedad egoísta en la que lo primero se respeta es tu ego y después, si puedes, respetas a los demás.
- La unificación alemana era un peligrosa acumulación de poder, pero si no lo tiras del rabo al perro, éste no te morderá.
- Los demás países están rabiosos porque saben que Alemania les puede.
- Alemania es un país que se abastece él solito.
- La unificación alemana ha cogido al mundo con los pantalones bajos.
- Incluso España está en el follón. La cosa está supercaliente.
- Le contaré una anécdota que he recordado fortuitamente.
- Sacarle o máximo xugo ó texto.
- Esa Alemania unida da que pensar... y es que nadie cree en las migajas, pero haberlas haylas.
- Los alemanes son unos cabezas cuadradas.

C. LEXICO

Obsérvase de maneira xeral a coincidencia na apreciación dunha serie de incorreccións comúns a un elevado número de alumnos. De entre elas, as máis salientables, por recorrentes, son as seguintes:

1. Creación de neologismos. Por diferentes métodos: aplicación de sufixos anómalos (*orgullismo, derribamiento, escarmentizados, poderosidad...*); deformación dunha palabra xa existente (*aislación, delirante, etc.*)
2. Pobreza léxica: manexan un léxico limitado que os leva á repetición de palabras, redundancias e ó uso de expresións estereotipadas.
3. Impropiiedade léxica. A limitación léxica lévamos tamén a empregar determinadas palabras atribuíndolles significados inexactos parcial ou totalmente, ou mal interpretando o correcto.
4. Rexistro lingüístico. En termos xerais é un rexistro baixo, cheo de coloquialismos. Con certa frecuencia tamén se observa unha tendencia ó cambio de rexistro, introducindo expresións propias do nivel coloquial no medio dunha secuencia ostándar ou pretendidamente culta.
5. Interferencias léxicas. Tanto no sentido castelán-galego coma no galego-castelán (máis neste caso por seren os exames máis abundantes), a presenza de fenómenos de interferencia é unha constante.

Aspectos a evitar nas probas de Historia

6. Carencia de léxico propio. Ligado á pobreza léxica. A carencia dun léxico básico obrigaos a empregar-lo do autor, as máis das veces sen coñecemento do valor e significado exactos, do que se derivan claros erros de uso e interpretación.

7. Vocabulario afectado. Naiguns casos obsérvanse intentos de empregar un rexistro elevado, para o que botan man dun vocabulario absolutamente inadecuado, co que se obtén un resultado afectado e mesmo ridículo.

D. OUTRAS CONSIDERACIONES SOBRE A PROBA

Lendo centos de exercicios tense a sensación de que os alumnos están ante a proba para a que veñen menos preparados. Porque é a proba que mide a madurez intelectual. Aquí non se controla o coñecemento dun tema estudiado recentemente. Aquí só se miden os hábitos intelectuais. Aquí só conta a preparación remota.

Alguns alumnos están tan desorientados que, ó entregaren o seu comentario, un belles dicir fóra: *Neste exame, aínda que digas barbaridades, aprabas.*

Cando se lles pide que sobre as ideas expostas no artigo os alumnos manifesten a súa opinión (favorable ou contraria, pero sempre crítica, é dicir, razoada), unha porcentaxe significativa deles xa nin o intenta. Porque confunden valoración crítica con criticar negativamente e, por falta de hábito de lectura crítica, nunha primeira ollada non ven nada que criticar no artigo que se lles ofrece. Así que, feito o esquema das ideas expostas, prescinden de da-la súa opinión crítica. E moitos dos que o intentan, fracasan.

Outras veces percíbese que no Centro onde estudiaaron déronlles un esquema formalista por apartados (localización topográfica das ideas e cualificación do texto por xénero, nivel de lingua, función, etc.). Pero dentro dese esquema non parece haber ningún espazo reservado para a opinión persoal, para a libre valoración crítica. E por iso un non encontra nestes comentarios nada orixinal e interesante que ler. Faíse unha análise formal do texto sen entrar a analizar e crítica-las ideas expostas.

Pero reparamos no resultado daqueles que intentan valorar criticamente o texto.

Ante esta proba "desconcertante" os alumnos buscan varios subterfuxios. Un é dici-lo mesmo unha ou varias veces coas mesmas palabras, como quen dá distintas versións do mesmo texto. Algo que podíamos chamar *variacións sobre... ou paráfrase*, se non fora que, de tanto mareá-la frase, acaban embarullándoa e facéndoa contradictoria:

El fuerte espíritu del pueblo alemán, que se esforzó y supo rehacerse de la derrota total, aparece ahora ya como un peligro que hay que vigilar, sin dar ningún voto de confianza y de apoyo a un país que verdaderamente se merece una oportunidad.

Otro truco consiste en embaucara-la incapacidad de hacer unna crítica conha saída piadosa

Yo no soy quien para juzgar.

Hay que darle un voto de confianza a los alemanes y no prestarlos. Alemania deberá corresponder a esa confianza con su perfecto comportamiento.

Otro consiste en alegar desinformación, coma se estar desinformado fose un dereito eximido á hora de entrar nunha Universidade.

Yo no entiendo de política.

Hay se ha evolucionado y ya no hay caballeros andantes. En el tercer mundo es posible que un país se imponga a otros; en la Europa de la OTAN, CEE etc., ya no.

Entre os desorientados, os máis espabilados aproveitan o texto como *profexto* para falar do que traen dentro preconcebido, sen se preocuparen pola fidelidade ó texto. E así fálanos do tema do leite en Galicia ou de que os alemáns son uns "cabezas cuadradas" que mellor estaban rodados polo muro. Ou ben analoxizan a existencia do muro de Berlín coa fame en África ou defenden a existencia dunha Alemania militarmente forte para acabar co imperialismo dos Estados Unidos. Ou escriben dúas follas en plan poético sobre o paxaro que se lisca da galola.

Noutros casos céntranse nun punto e desoidan analiza-lo texto no seu conxunto.

Noutros casos liquidase esta parte do exame con descricións ou apreciacións case infantís do tipo *Non hai dereito... ou Paréceme mal.*

¿Por que a maioría fracasa nesta proba?

Primeiro. Non son raros os exercicios que transmiten a impresión de que o alumno non comprende realmente o texto porque o leu ás prásas e sen atención.

En segundo lugar, a maior parte dos alumnos de COU (de setembro) demostran un coñecemento da situación mundial moi superficial. A súa visión dos acontecementos aproxímase ó infantilismo:

Alemania está pasando de ser simplemente nada a convertirse en toda una potencia.

En mi opinión creo que el texto tiene mucha palabrería pero que las ideas básicas y principales las tiene bien repartidas.

Los alemanes son de constitución fuerte y alta, con detalles como pelo rubio y ojos azules. Con esto quiero decir que los alemanes, todos unidos, pueden hacer que su país suba como la espuma en cuanto a lo económico, social, cultural y militarmente.

Este descoñecemento do tema, con todo, agrávase polo feito de non relacionaren este texto co que saben, de non utilizaren os coñecementos, neste caso de Historia, que se supón que teñen por aprobaren COU.

Non saber que houbo unha II Guerra Mundial
Crer que a Alemania comunista era a R.F.A.
Crer que a II Guerra Mundial foi no ano 29
Considerar que *Anschluss* é un filólogo alemán

Aspectos a evitar nas probas de Historia

Dicir que Portugal está aillada coma Alemaania.
Dicir que os Estados Unidos son veciños da R.F.A.
Dicir que Rusia é a URSS.

Case non se atopan comentarios nos que a reunificación actual se relacione coa propia historia do pobo alemán (reunificación do XIX, as dúas guerras mundiais, etc) ou coa escena política contemporánea (final da guerra fría, caída dos reximes comunistas da Europa oriental, debilitamento interno e perda de liderado internacional da URSS, os procesos de unificación europea, etc.).

Afectos a memorizaren libros de texto, non están igualmente afeitos a interesarse por cousas que non figuran neses libros ou relacionalo co que se pasa na vida. Por iso esta proba (comentario dun artigo de prensa) cólleos desinformados.

A desinformación é tal que o comentario ás veces é equivocado. Isto inflúe na comprensión lectora que fai que moitos non comprendesen algunhas expresións irónicas (*inventan palabras novas*, ou figuradas (*cantar a coro o Deutschland über Alles*) e que algúns incluso divaguen sobre os aspectos técnicos e económicos de construír fisicamente unha muralla que envolva Alemaania.

Non coñecendo o tema, moitos non comprenderon o texto e limitáronse a parafrasealo en vez de emitiren un xuízo crítico coherente e independente do texto. O que ofrecen é unha valoración pobre, vulgar, amorfo e limitáronse a obviidades. Por veces é unha manta de retallos teclada con clichés e tópicos óidos algunha vez na TV.

¿Que revela o conxunto?

Realmente este alumno medio parece indicar que nos Centros de Ensino Medio escasean os debates sobre temas de actualidade e que se lén moi pouco os xornais e as revistas. Un estudo comparativo de alumnos de COU de Vigo e de Gehrden (Alemaania) revela que entre os nosos alumnos hai un 25% que non lén a prensa diariamente nin revistas no fin de semana (mentres en Alemaania un 25% adica máis de tres horas do fin de semana á lectura de revistas). E os que aquí lén a prensa interéstanse primordialmente por sucesos (60%), deportes (50%), programación de radio, TV e espectáculos (31%), mentres en Alemaania se interesan por titulares (67%), deportes (46%) e información local (41%).

Que moitos alumnos carecen de hábito de debate crítico. ¿Hai debates nos Institutos e nos Colexios Privados? ¿Existe o hábito de escoitar diferentes versións dunha mesma noticia e analiza-la parte de razón que podía haber en opinións contrapostas? ¿Organízanse actos que obriquen ós alumnos a formarse unha opinión e a defendela de maneira clara, orgánica e convincente en público?

Que un alumno medio é incapaz de sintetizar, ordenar e expresar de forma clara as ideas, con división en parágrafos e utilización correcta da cortesía da puntuación. Abonda o alumno con expresión farragosa, que alude a ideas que non concreta, que as expón de forma confusa e ás veces caótica. Non hai claridade nos apartados. Non hai fidelidade ó texto. Porque non se ve orixinalidade e creatividade ensafística. Non se ven ideas propias. A única aportación (de moi poucos) foi a de engadir ás consecuencias da reunificación o potencial deportivo da Gran Alemaania. Todo isto parece indicar un ensino

gramaticalista e pasivo (ou polo menos escrito) da llagua pero sempre alonzado da oralidade.

E finalmente unha certa cegueira. En xuño propoñíase un texto no que se falaba da falta de respecto con que nas cidades galegas se acolle ós que veñen das aldeas buscando vida e que atopan explotación, incompreensión e os peores servizos, aínda que son xente moi traballadora. Os comentarios de moitos alumnos eran daquela groseiramente insolidarios: *¡que se amañen! A vida é laita de todos contra todos*. Algún engadía compasivo a palabra "lamentablemente". Moi poucos percibían que o atraso socioeconómico do aldeán non é consecuencia dunha minusvalía xenética súa senón consecuencia dunha actuación do Estado que durante séculos explotou sen piedade a aldea e que lle negou a maior parte dos servizos públicos.

En setembro propoñese un caso distinto pero paralelo. Os alemáns séntense explotados pola CEE, ofendidos por Polonia, irrespectados polos Estados Unidos, incomprendidos por todos. A razón que ofrece o texto é que o mundo garda memoria de horrores aínda recentes.

Sen embargo agora os alumnos teñen en xeral nos seus comentarios unha reacción exculpatoria para Alemaania. E, quizais seguindo a piana suxerencia do texto, falan de que hai que ter moito coidado con desprecia-los alemáns, porque este despreccio pódese volver contra nós.

Antes contra o despreziado. Agofa contra o despreziante. ¿Cal é a razón?

Nos dous casos os alumnos están de parte do poderoso. O aldeán, se se sente vítima, encóllese, sométese: polo tanto é rendible menospreciado. O alemán, se se sente vítima, ataca, agrade: polo tanto é perigoso menospreciado.

Noutras palabras ¿non lles ensinamos a analizar ou non lles ensinamos a ser solidarios?

A Ideoloxía do alumno non é obxecto de cualificación, pero o ensino da solidariedade si que é un dos obxectivos legais da educación.